

SECRETARIA XERAL DE INSTITUCIONS PENITENCIARIAS

Subcomisión Paritaria IIPP

07.05.21

A reunión é presidida polo Subdirector Xeral Adxunto. Resumen dos puntos tratados.

ASUNTOS PROPOSTOS POLAS OOSS.

PROCESOS SELECTIVOS (OEP 2018, 2019, 2020 , ESTABILIZACIÓN) E CONCURSOS DE TRASLADOS (CONCURSO ABERTO E PERMANENTE , CONCURSO EXTRAORDINARIO IIPP)

A administración informa que non ten ningunha información nova que aportar con respecto a todos estes procesos. Xa remitirón a Función Pública todas as bases e a documentación que se lles requiriu e están esperando que lles den indicacións.

CONTRATACIÓN DO CUPO DE VERAN.

Continúan sen ter ningunha resposta sobre a autorización para realizar este tipo de contratacións. Descoñecen si se lles autorizará o plan este ano, fai uns seis meses que o solicitarón. Si ó final se autoriza, este ano iría con máis retraso do habitual, xa que non poden iniciar nin o reparto de prazas nin ningún proceso de contratación, polo que difícilmente poderían estar os traballadores nos centros para o comezo de veran.

ENCUADRAMENTO. MODELO L21R

Estanse detectando unha serie de problemas nas notificacións do encuadramento a os traballadores e as traballadoras, a maioría erros subsanables sin dificultade e omisións en postos que deberían estar encadrados e que se omitiron por parte de Función Pública. Estan traballando para solucionar os problemas canto antes.

A petición de CIG, comprometéase a informar próximamente do xeito de proceder ante toda a casuística que está xurdindo, como por exemplo, cómo ten que figurar o correcto encuadramento do persoal que se encontra en adscripción temporal, e a conseguinte notificación, na cal , neste intre, non aparece a referencia ó posto que ocupa en adscripción.

PAGO DE ATRASOS DO IV CONVENIO.

A admon. informanos que se está traballando para poder pagar os atrasos na nómina de maio. Están xurdindo algúns problemas informáticos pero confían en subsanalos para que se poida proceder ó pago. Nembargantes , no poderá cobrar, de momento, o persoal que por diferentes motivos non se encontra encadrado, ata o momento en que se resuelva o seu encadramento.

Neste sentido, sinalar, que se teñen que abonar os atrasos a toda aquel

persoal , que teña permanecido en activo nalgún intre, entre xaneiro do 2019 e o momento actual, é decir, persoal temporal , en excedencia, xubilación, incapacidade ou falecemento, xurdidos nese periodo.

CREACIÓN DUNHA CONTA DE CORREO ELECTRONICO PROPIA PARA A SUBCOMISIÓN PARITARIA.

A petición expresa da CIG realizase esta solicitude, co fin de modernizar e adecuar a as novas tecnoloxías, os canles de comunicación da Subcomisión Paritaria de IIPP, e facilitar un medio sinxelo de achegar as peticións, tanto das traballadoras e traballadores como dos comités de empresa. A administración responde que non hai contas de correo dispoñibles na actualidade, pero comprométese a valorar esta petición cando se poida dispor dunha conta para este fin.

ESCRITOS DOS TRABALLADORES.

ESCRITO DO COMITÉ DE EMPRESA DE LUGO. Dende o Comité de Empresa de Lugo achegase un escrito denunciando unha modificación sustancial das condicións de traballo, (cambio de horario, con imposición de turnicidade) dos traballadores do área de mantemento do centro penitenciario de Bonxe, sin que se levara a cabo, o procedemento establecido no IV Convenio Único, para estes casos. Un dos traballadores, é delegado de CIG no propio Comité de Empresa.

Dende CIG facémonos eco do escrito e defendemos as peticións que se realizan dende o propio Comité: a restitución do horario Xeral ós traballadores, xa que non se tramitou seguindo o procedemento no xeito que establece o convenio, de modo que os traballadores afectados non puideron realizar as correspondentes alegacións e defenderse (dereito que nestes intreos está vulnerado, ó non dar a dirección do centro penitenciario ningunha opción a elo), e que todo isto se transmita á dirección do centro, por escrito, dende a propia Subcomisión Paritaria.

A administración acepta instar ó director á correcta tramitación que se ten que realizar e a que restitua o horario ós traballadores, pero non considera que deba emitir ningún comunicado oficial da propia Subcomisión Paritaria para facelo, coa conseguinte indignación por parte dos delegados de CIG, que solicitan que conste en acta esa denegación expresa da administración.

Tamén se fai constar por parte de CIG, a denuncia do que consideramos que é unha conduta arbitraria por parte da dirección do centro.

ESCRITO DOS TRABALLADORES DO ÁREA DE MANTEMENTO DO C.P. A LAMA.

Os traballadores solicitan que se esixa á empresa de mantemento que cumpra cas funcións que ten atribuídas por contrato, para o que xa houbo un acordo da Subcomisión Paritaria. A administración aseguranos que se puxo en contacto coa dirección do centro para que proceda a facer cumprir á empresa de mantemento os seus cometidos conforme o acordado pola Subcomisión Paritaria.

GRUPOS DE TRABAJO.

. **Funcións dos auxiliares de enfermería.** Solicitase por parte da CIG que se convoque unha nova reunión deste grupo de traballo, xa que por parte dos representantes das organizacións sindicais presentouse un documento de traballo consensado para o seu estudo. Informanos que xa se puxerón en contacto cos representantes da Subdirección de Sanidade Penitenciaria e darannos próximamente una data para a reunión.

. **Traballo Social.** Debido a que non foi posible a asistencia a esta reunión do Subdirector Xeral de RR HH, aplazase para a seguinte reunión, a petición da CIG de que se facilitara información do programa Helena.

Pontevedra, 10 de maio de 2021.